




CORPORACIÓN MUNICIPAL 2015/2019  
Casa do Concello



## NOTIFICACIÓN

Asunto: convocatoria á sesión ordinaria do PLENO DO CONCELLO

Notifícaselle a Resolución da Alcaldía do 07/03/2016 que di:

### "RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

*LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 2 a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional), do 03/03/2016.*

*TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:*

**PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o**

Día: 10/03/2016  
Hora: 20:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 20:00 h. a 2.ª, dous días despois  
Lugar: salón de plenos da Casa do Concello.  
Orde do día:

### I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/01/2016, Acta 2016/01
- 2 Aprobación do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016
- 3 Moción do BNG sobre bonos de transporte para os usuarios da Unidade de Axuda a Drogodependencia (UAD) de Ribeira e Noia (RE 11449 do 23/11/2015)
- 4 Moción do PSdeG-PSOE sobre a construción de varios treitos de beirarrúas (RE 11719 do 01/12/2015)
- 5 Moción de IC Boiro sobre edificios en ruína (RE 12017 do 11/12/2015)
- 6 Moción do BNG sobre a elaboración dun plan municipal de emprego destinado a frear a emigración xuvenil (RE 24 do 04/01/2016)
- 7 Moción do BNG sobre a promoción do ano 2016 como ano das Irmandades de Fala (RE 25 do 04/01/2016)



- 8 *Moción de Boiro Novo sobre a declaración de Boiro como libre de circos con animais (RE 1615 do 11/02/2016)*
- 9 *Moción do BNG sobre o cumprimento real e efectivo da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas (RE 2113 do 18/02/2016)*
- 10 *Moción do BNG sobre o 8 de marzo, Día da Muller Traballadora (RE 2114 DO 18/02/2016)*
- 11 *Moción do PP sobre o Día Internacional da Muller Traballadora (RE 2411 do 23/02/2016)*
- 12 *Moción de IC Boiro sobre transparencia administrativa (RE 2575 do 25/02/2015)*
- 13 *Moción de Boiro Novo sobre un plan integral para a recuperación da rúa Principal de Boiro (RE 2770 do 26/02/2016)*
- 14 *Moción de Boiro Novo sobre a adopción dun paquete de medidas para a erradicación das situacións de emerxencia social no Concello de Boiro (RE 2771 do 26/02/2016)*
- 15 *Moción de Boiro Novo sobre a adopción dun conxunto de medidas de conciliación e mellora nas condicións laborais das mulleres do Concello de Boiro (RE 2788 do 29/02/2016)*
- 16 *Moción do BNG sobre o 40 aniversario da proclamación da República Árabe Saharaí Democrática (RE 2955 do 01/03/2016)*
- 17 *Moción do BNG sobre a mellora de infraestruturas nos núcleos da Graña, Noceda (Re 2994 do 02/03/2016)*

## **II PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

- 18 *Toma de coñecemento das Resolucións da Alcaldía*
- 19 *Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal así como das principais anomalías en materia de ingresos ao 4º trimestre do 2015*
- 20 *Toma de coñecemento do informe da Intervención Municipal sobre o cumprimento da obriga de información trimestral sobre o cumprimento dos prazos de pago establecidos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, referido ao 4º trimestre do 2015*
- 21 *Toma de coñecemento do informe da Intervención Municipal sobre o cumprimento da obriga de remisión da información trimestral sobre o período medio de pago a provedores establecido na Lei de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira, referido ao 4º trimestre do 2015*
- 22 *Toma de coñecemento do informe da Intervención Municipal sobre o cumprimento da obriga de subministración de información do 4º trimestre de 2015, derivada da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira.*
- 23 *Mocións de urxencia*
- 24 *Rogos e preguntas*

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

